

NOTIFICACIÓN

Expediente	2021026186	Aprobación de actividades Xuventude
Asunto	Aprobación do obradoiro URBAN CUSTOM	

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou no día 30 de xullo de 2021, a seguinte resolución:

“Tendo en conta o informe proposta con data 28 de xullo de 2021 e que literalmente di:

“ A Concellería de Xuventude organiza o obradoiro URBAN CUSTOM, de reciclaxe e interculturalidade, para a dinamización e participación xuvenil da localidade, co obxecto de fomentar a reciclaxe e a responsabilidade co medio ambiente, con motivo do Día Internacional da Xuventude.

Dito obradoiro está dirixido a rapaces e rapazas empadroados no Concello de Ferrol, con idades entre os 14 e os 30 anos, e terá lugar o día 12 de agosto de 2021 no Centro Cívico de Canido, en horario de 10.00 a 14.00 horas.

A selección farase por rigorosa orde de entrada das solicitudes de inscrición no Rexistro Municipal.

O custo do obradoiro, en concepto de materiais, é de 287,01 €, xa que a formación correrá a cargo da técnica de Xuventude.

Polo exposto, propóñolle á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da realización do obradoiro URBAN CUSTOM.

Segundo.- Aprobación dos gastos derivados da realización de dito obradoiro por importe de 287,01 €.

Terceiro.- Aprobación do prazo de inscrición dende o 3 ata o 10 de agosto, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos do Concello de Ferrol e na web municipal. “

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña.

Decreto.- Vista a proposta apróboala nos seus propios termos.”

O secretario xeral

